

# Salarios desde o punto de vista do perceptor: Salario bruto anual segundo o tipo de contrato

Resumo de resultados 21/05/2021

## ÍNDICE

Salario bruto anual segundo o tipo de contrato .....	1
Salario bruto anual segundo o sexo e o tipo de contrato .....	2
Definicións, fontes e máis información .....	2

## Salario bruto anual segundo o tipo de contrato


Para os efectos da enquisa consideráronse dous tipos de contrato, os contratos de duración indefinida e os contratos de duración determinada. Para poder realizar comparacións entre asalariados con contrato de duración indefinida e duración determinada, axustouse o salario daqueles asalariados que non permaneceron todo o ano no centro de traballo e asignóuselles un salario anual equivalente ao que percibirían no caso de traballar durante todo o ano nas mesmas condicións.

O salario dos galegos con contrato de traballo de duración indefinida foi en 2018 superior nun 38,73 % ao dos asalariados con contrato de duración determinada. No conxunto do Estado esta diferenza é superior e alcanza, no mesmo ano o 42,75 %.

### Salario bruto anual segundo o tipo de contrato. España e Galicia. Ano 2018

Unidade: Euros

Espazo	Total	Duración indefinida	Duración determinada
España	24.009,12	25.775,61	18.056,18
Galicia	22.244,59	23.914,96	17.238,79




## Salario bruto anual segundo o sexo e o tipo de contrato

A análise segundo o sexo reflicte que as diferenzas segundo o tipo de contrato son máis notables nos homes que nas mulleres; mentres os homes con contrato de traballo de duración indefinida cobran un 44,84 % máis que os que teñen contrato de duración determinada, nas mulleres esta porcentaxe é do 29,65 %.

### Salario bruto anual segundo o sexo e o tipo de contrato. Galicia. Ano 2018

Unidade: Euros

Tipo de contrato	Total	Homes	Mulleres
Total	22.244,59	24.826,91	19.543,17
Duración indefinida	23.914,96	26.802,99	20.792,71
Duración determinada	17.238,79	18.505,40	16.038,06




No seguinte gráfico representábase a función de densidade do salario bruto anual para Galicia segundo o sexo e o tipo de contrato.

A densidade dos homes con contrato de duración determinada é máis apuntada que o resto, o que reflicte unha maior concentración dos seus salarios.

En ambos os dous tipos de contratos a densidade das mulleres atópase á esquerda da dos homes, motivado isto polos menores salarios das mulleres.

Densidade do salario bruto anual segundo o sexo e o tipo de contrato. Galicia. Ano



## Definicións, fontes e máis información

### Definicións

- Definicións

## Descarga de datos

- [Salario bruto anual segundo o sexo e o tipo de contrato. España e Galicia](#)

## Fontes de información

IGE. Elaboración propia a partir dos microdatos da Encuesta de Estructura Salarial elaborada polo INE